

Unidade 8

Unidade 8, exercicio 5, parte A

- Pase, pase. Bos días.
- Bos días, doutor Pereira.
- Vén vostede pola dor que tiña no estómago, verdade?
- Si, tiña hoxe a vez para ver os resultados das análises de sangue. Xa os ten?
- Teño, si. Téñoos aquí mesmo. Estábaos a ver agora. Como está hoxe? Segue vostede con esas dores fortes na zona abdominal?
- Un pouquiño menos, pero non estou ben de todo.
- Moi ben. Os resultados das probas indican que ten unha pequena úlcera no estómago, por iso tiña eses síntomas.
- Vaia! Non tiña nin idea!
- Non pasa nada, polo de agora non é nada grave. Estamos a tempo de tratalo. Tomou algunha comida picante ou con moita graxa eses días?
- Si, comina xusto o día antes. Tiña a celebración dun casamento.
- Pois iso é precisamente o que hai que evitar para solucionar o problema. Ten que ter moito coidado coas comidas e seguir unha serie de recomendacións. Doulle aquí este folleto informativo coas comidas e as bebidas que debe evitar.

- Bos días.
- Ola, boas.
- En que podo atendela?
- Estou moi arrefriada e tamén estou mal da gorxa.
- Que síntomas ten? Ten febre?
- Creo que non, pero dóeme un pouco a cabeza e teño tose continuamente.
- Ten mocos?
- Si, tamén teño moitos mocos e conxestión nasal en xeral. Dóeme xa o nariz de tanto asoarme.
- Tomou xa algún medicamento? Aspirinas, por exemplo?
- Tomeinas si, pero só unha antes de saír da casa. Non tiña ningún medicamento máis na casa e por iso saín para collelo.
- Ben, pois... creo que este xarope será o mellor para tratar a tose. Tamén ten que tomar un sobre destes cada oito horas para o constipado.
- Vale, moitas grazas. Sabe cando comezarei a estar mellor?
- Non se preocupe porque en dous días xa ha de ir mellor.
- Graciñas! Ata logo.
- Ata logo!

- Cántame entón, que che pasa?
- Morro coa dor. Creo que teño esta perna escordada.
- Onde che doe en concreto? En que zona?
- Dóeme moito o xeonllo e un pouco máis abaixo tamén.
- Déixame ver, dóече isto?
- **Ai!! Si!! Si!!**
- E se che premo aquí un pouco, tamén che doe?
- Si, un pouco tamén.
- Tranquila, non teñas medo que xa non sigo apertando.

- Vale, vale...
- Pois si, coido que estabas no certo, creo que tes unha escordadura. Tes que esperar uns minutos á que te vexa a doutora Fernán. O máis probable é que che diga que hai que facer unhas radiografías para comprobar cal é o óso que está escordado.
- Vale enfermeira, moitas grazas.

Unidade 8, exercicio 9

1. Xa trouxeche as medicinas que che encargamos.
2. Xa trouxeche as medicinas que che encargamos?
3. Escoitaches música galega de pop, rock, hip-hop e folk.
4. De que queres a empanada?
5. Como cho digo.
6. Cando cho digo?
7. A onde imos hoxe hai golfiños?
8. A onde imos hoxe hai golfiños.
9. Naquela cama, como está vella, non dou durmido.